

# ANEXO PROGRAMACIÓN DPTO. CLÁSICAS 2021-22

## 1. EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

### 1.1. SEGUIMIENTO DAS CLASES

Para o alumnado ou grupo que non poida acudir á clase por un periodo determinado ou indeterminado de días realizarase un seguimento das clases por medio dunha plataforma virtual e por correo electrónico.

### 1.2. METODOLOXÍA

A través da aula virtual e do correo electrónico o alumnado disporá dos contidos necesarios así como das súas actividades correspondentes procurando garantir un completo aproveitamento dos mesmos.

Procurarase impartir as clases por videoconferencia, respectando, sempre que sexa viable, o número de horas dos días de docencia que xa había cos grupos.

As actividades, ademais de pequenos traballos de investigación, versarán sobre léxico, morfoloxía, sintaxe e cultura, que serán extraídas do libro de texto ou ben aportadas pola profesora. En Cultura Clásica centraranse no bloque de cultura.

Cabe a posibilidade de que sexa preciso facer algún axuste curricular prescindindo daqueles contidos teóricos que non teñan continuidade no curso seguinte ou ben os poida revisar o alumnado por si mesmo sempre que non lle supoña dificultade para a súa comprensión.

Os materiais e recursos a empregar serán o libro de texto en papel e dixital, aula virtual, correo electrónico e internet.

### 1.3. ESTÁNDARES

Deberanse adquirir os que teñan un valor igual ou superior ao 60% na Programación de referencia.

### 1.4. AVALIACIÓN

#### 1.4.1. INSTRUMENTOS

- Asistencia virtual á clase
- Actividade realizada na casa
- Traballos de investigación
- Probas telemáticas orais/ escritas individuais ou en grupo.

## **1.4.2. PROCEDEMENTOS**

### **BACHARELATO:**

En 1º dúas probas por avaliación: 10 puntos cada unha

En 2º unha proba por avaliación: 10 puntos

Traballos de investigación: 1 “

Actividade realizada na casa: 1.5 “

Asistencia á clase: 0.5 “

As probas serán similares ás da programación de referencia (facendo en 1º a media das dúas) e supoñendo o 70% da cualificación. O resto o 30 %

### **4º ESO.:**

Dúas probas por avaliación: 10 puntos cada unha

Traballos de investigación: 2 “

Actividade realizada na casa: 1.5 “

Asistencia á clase: 0.5 “

A media das probas ponderará o 60% da cualificación e o resto o 40%

### **3º ESO.:**

Actividades na casa: 70%

Traballo monográfico: 20%

Asistencia e actitude: 10%

### **ESO / BAC.:**

En 3º ESO. non se realizarán exames. Nos restantes cursos é preciso obter un 5 entre as dúas porcentaxes para acadar o aprobado nunha avaliación.

Durante os dous primeiros trimestres non se efectuará ningún redondeo.

O alumno que copie nunha proba será cualificado cun cero en dita proba. A mesma cualificación lle corresponderá á non comparecencia sen xustificar a un exame. No caso de non presentarse a un na data establecida deberá aportar un xustificante médico ou dar unha explicación convincente se tivo unha incidencia coa conexión.

O non cumprimento dalgún dos instrumentos anteriormente citados podería conlevar a redución parcial/ total da súa puntuación.

Ademais da realización/ corrección das actividades valorarase a entrega na data establecida, podendo non ser admitidas unha vez rematado o prazo de admisión.

No caso de acumular máis de cinco faltas de asistencia á clase virtual sen xustificar descontarase a puntuación correspondente.

Valorarase: interese, iniciativa e boa disposición, utilización a diario do material básico e o progreso nas competencias.

Para o **apartado de recuperación** dunha avaliación seguirase a Programación de referencia.

### **1.4.3. CUALIFICACIÓN FINAL**

Obterase segundo figura na Programación de referencia.

**Pendientes:** non constan.

## **2. EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL**

Aplicarase dun xeito similar ao modelo non presencial, levando a cabo o traballo que corresponda a ese momento do curso e se a ausencia á clase é superior a unha semana.

Sempre que sexa posible impartirase retransmitindo en directo desde a aula para o alumnado que deba permanecer na casa por un periodo de tempo indeterminado.